

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL, POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

Visto o informe proposta de contratación de persoal auxiliar administrativo presentado polo departamento de Servizos Sociais municipal.

Visto que concorren os requisitos de excepcionalidade da contratación dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais e a existencia de necesidades urxentes e inaprazables, ao entenderse que co posto de traballo que se cobre van a satisfacerse necesidades de interese público que non admiten demora e que se non se atenderan prexudicarían ao servizo público.

Vistas as bases reguladoras para a contratación temporal, por circunstancias da produción, dun/ha auxiliar administrativo/a do departamento de Servizos Sociais polo procedemento de concurso-oposición libre.

Visto o informe reparo da Secretaría-Intervención adxunta número 2025-0005, de data 07.02.2025, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,  
**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo número 2025-0005, polas razóns que constan no informe do departamento de Servizos Sociais que figura no expediente, considerando acreditado no expediente a concurrencia dos requisitos sinalados da excepcionalidade da contratación dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais e a existencia de necesidades urxentes e inaprazables, ao entenderse que co posto de traballo que se cobre van a satisfacerse necesidades de interese público que non admiten demora e que se non se atenderan prexudicarían ao servizo público.

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases reguladoras para a contratación temporal, por circunstancias da produción, dun/ha auxiliar administrativo/a do departamento de Servizos Sociais polo procedemento de concurso-oposición libre.

**TERCEIRO.-** Dispoñer a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro da anuncios da Sede Electrónica do concello [<http://meis.sedelectronica.gal>]; publicándose o texto íntegro das presente bases, completas, na Sede Electrónica e páxina web do Concello: [www.meis.gal](http://www.meis.gal).

**CUARTO.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asíno a alcaldesa Dna. Marta Giráldez Barral, en Meis; do que, a secretaría, dá fe.

**ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE**

